



## RECOMENDACIÓNS DE SAÚDE PÚBLICA E ELEMENTOS CIENTÍFICOS CRAVES (CONCLUSIÓNS / SECCIÓN 17)

Non podemos seguir permitíndonos unha actitude de "aquí non pasa nada" ("*business as usual*"). Xa é hora de que a implantación de novas liñas eléctricas ou a construción das novas casas, escolas e espazos de vida que os rodean sexan pensadas desde unha óptica medio ambiental cunha emisión débil de ELF. O despregamento actual de novas tecnoloxías se fíos, por suposto desde a óptica de "aquí non pasa nada", pode revelarse arriscado a longo prazo e máis difícil de modificar se a sociedade non toma rapidamente decisións sobre os límites. Débese seguir investigando para definir que niveles de RF vinculados ás novas tecnoloxías sen fíos son aceptables; pero o seguir investigando non debe non ser un pretexto para evitar ou atrasar as modificacións fundamentais que permitirán a longo prazo aforrarnos custos suplementarios de diñeiro, de vidas e de malestar social.

Xustifícanse novos regulamentos relativos aos límites de ELF. Os límites de exposición deben situarse en base aos niveis informados como factores de leucemias infantís, engadindo unha marxe de seguridade. Non se pode seguir aceptando a instalación de novas liñas e novas instalacións eléctricas que expoñan ás poboacións a unhas contornas de ELF recoñecidos como factores de risco (a partir de 2 Mg [0.2  $\mu$ T])

Os novos límites e as postas en práctica relativas ao ELF deberían, nun enfoque razoable, ser de 1mg (0,1 $\mu$ T) para os espazos de vida adxacentes a toda nova liña ou liña modernizada, e de 2 Mg (0.2  $\mu$ T) para toda nova construción. Recoméndase tamén que se estableza un límite de 1 Mg (0.1  $\mu$ T) con respecto ao hábitat existente onde residen nenos e/ou mulleres embarazadas.

Esta recomendación baséase na hipótese de que é necesario elevar significativamente a protección aos nenos que non poden protexerse a se mesmos tendo en conta o risco de leucemia infantil nunha proporción que habitualmente basta para dar lugar a medidas de control suficientes. Esta situación xustifica moi especialmente a extensión do límite de 1 Mg (0.1  $\mu$ T) nos lugares de vida existentes. O que supostamente tamén levaría a información ao público por parte das axencias sanitarias implicadas.

Non é por suposto realista reconstruír todos os sistemas de distribución eléctrica existentes a curto prazo, con todo débense iniciar as etapas para reducir a exposición aos sistemas actuais e deberanse fomentar especificamente no que concirne aos lugares onde teñen que residir nenos.

Un valor límite de precaución de 0.1  $\mu$ W/cm<sup>2</sup> (é dicir, 0.614 Voltios por metro) deberíase adoptar con respecto á exposición exterior e acumulativa ás RF. Este límite ten en conta o estado dos coñecementos e en base a unha política prudente de Saúde Pública que se debería establecer ante a exposición ambiental ás RF pulsadas nos lugares onde a cidadanía vive, traballa, e vai á escola.



Este límite máximo refírese á exposición de todo o corpo, e pode tratarse dunha exposición crónica nos lugares de cobertura inalámbricos para a transmisión de son e datos para os teléfonos móbiles, os mensáfonos, os PDA e outras fontes de radiación por radiofrecuencias. Aínda que algúns estudos e recompilacións de información in situ describan problemas de saúde observados a niveis máis baixos, este novo límite podería con todo bastar por agora para diminuír o risco para as poboacións sometidas a exposicións máis desproporcionadas.

Por outra banda, este nivel non prevé a futura evolución das tecnoloxías Wi-Fi. Recomendamos tamén alternativas por cable aos sistemas Wi-Fi, en particular nas escolas e as bibliotecas, para que os nenos non se sometan a fortes niveis de MO/RF antes de que se saiba aínda máis sobre os posibles efectos sobre a saúde. Esta recomendación pode considerarse como un límite de precaución intermedio susceptible de orientar cara a accións preventivas, podendo resultar necesarias medidas máis estritas no futuro.

Débense desenvolver e aplicar novas normas límite de seguridade para as ELF (frecuencias eléctricas a 50Hz e 60Hz), deben axustarse aos niveis rexistrados como factores de leucemia infantil, engadindo unha marxe de seguridade.

É necesario ofrecer aos servizos de distribución eléctrica consellos sobre a necesidade de reducir as exposicións a ELF nos lugares existentes e na construción de novas liñas e estacións. Fomentar a redución das fontes de ELF superiores a 1 Mg (0.1  $\mu$ T) debe fomentarse, en particular cando nenos, mulleres embarazadas ou susceptibles de selo pasan unha parte significativa do seu tempo nas súas proximidades.

As solicitudes de medida e control de emisión do ELF e RF deberían ser proporcionadas polas compañías (para as liñas eléctricas e as ELF nas vivendas) e polos empregadores (para a exposición profesional as ELF e as RF), que deberán proporcionar aos solicitantes os resultados completos destes estudos.

As organizacións e as axencias sanitarias internacionais deben emitir consellos de Saúde Pública á dirección das poboacións expostas a niveis de ELF e RF susceptibles de aumentar os riscos de cancros e enfermidades neurodexenerativas, de tensións, de alteracións da memoria, a cognición, as defensas inmunitarias, ... Estes consellos deben aplicarse tanto á exposición profesional como á exposición doméstica.

Unha oficina central deberá realizar unha información fiable e imparcial e polo a disposición do público. A información científica, a información sobre a Saúde Pública e sobre as decisións políticas deben emanar de estudos independentes e accesibles ao público cun custo accesible. Os artigos sobre a investigación e as estratexias de precaución deben estar dispoñibles en varias linguas.

O deseño dos teléfonos móbiles e outros aparellos inalámbricos débese reconsiderar co fin de non funcionar máis que en modo altofalante ou texto [SMS].



Será necesario empregar restricións para os nenos de 0 a 18 anos nos lugares de venda e na publicidade de teléfonos móbiles e outros aparellos sen fíos.

Todos os países deberán seguir tendo un servizo de telefonía por cable, e deberá evitarse con moito a súa supresión, incluídas as cabinas telefónicas nos lugares públicos. Os fabricantes de todos tipos de aparellos sen fíos deberán pór de relevo sobre o envoltorio (e non oculta dentro) toda a información relativa ao nivel de SAR así como as advertencias restritivas e precaucións a respectar. Os aparellos sen fíos que xerarán fortes niveis de RF deberán informar ao usuario dos efectos posibles sobre a memoria, a aprendizaxe, as funcións cognoscitivas, os desordenes do soño e o comportamento, o cansazo, o zunido nas orellas (tinnitus), a diminución da función inmunitaria e outros síntomas.

As etiquetas de advertencia sobre os teléfonos móbiles, os PDA e outros aparellos sen fíos son necesarias para alertar aos usuarios das intensas emisións de ELF ao acendido da batería, sendo tamén necesario pór de relevo as medidas capaces de reducir a exposición (non levalo sobre ou cerca do corpo en posición ON-RECEPCIÓN; non utilizar máis que con auriculares ou en modo altofalante, etc.).

Convirá informar ao público dun xeito claro e accesible dos lugares e características técnicas de todas as antenas inalámbricas, para que cada un poida elixir onde vive, traballa, fai a compra ou envía aos seus nenos á escola con pleno coñecemento de causa. Tal información deberá obrigatoriamente incluír as exposicións acumulativas aos RF baseadas nos cálculos do boletín OET 65 da FCC (ou equivalente) a nivel do chan, e a nivel do 2º piso, a distancia de 15 metros dos equipamentos, e a unha densidade límite de 0.614 V/m ( $0.1 \mu\text{W}/\text{cm}^2$ ). A indicación con destino ao público deberá ter unha condición obrigatoria de autorización para cada lugar, e deberá actualizarse periodicamente. As axencias públicas que autorizan e controlan os lugares deberán pedir aos operadores identificar os lugares de emisión sen fíos.

As zonas de teléfono móbil e WiFi gratuítas deberán establecerse en lugares onde o público reúnese e deberán ofrecer condicións de seguridade razoable, ata nos aeroportos, os centros comerciais, os hospitais, as bibliotecas, as clínicas, as casas de convalecencia e asilos de anciáns, os teatros, os restaurantes, os parques etc.

As axencias sanitarias e as autoridades escolares deberán evitar ou firmemente prohibir a construción de postes de antenas sobre os edificios escolares ou proximidades (nun radio de 300 metros) e deberán remitir toda instalación de rede WiFi nas salas de clase, as garderías e os centros de leceres. Ata deberían suprimir ou desactivar as instalacións sen fíos existentes, ou deberán poder propor salas de clase libres de radiación de RF para as familias que non desexan que os seus nenos expóñanse involuntariamente.